astiberri

A PARTIR DE 6 ANOS

UXÍO E AMIGOS

Guión e debuxos: Martín Romero
Astiberri Ediciones. Bilbao, 2023
Cor. Cartoné
64 páxinas. 20 x 26 cm. 14 euros
Colección Txikiberri
ISBN: 978-84-18909-75-7

Á VENDA O 2 DE MARZO

Centrado na amizade e na pluralidade

Uxío e amigos *é a continuación de* Uxío, *"unha auténtica preciosidade e tan divertido que os nenos non se cansarán de lelo", segundo destaca Jesús Jiménez en* RTVE.es

O autor de historietas e animador audiovisual Martín Romero volve cun novo cómic infantil. Trátase das novas aventuras de Uxío, ese neno imaxinativo e soñador que se deu a coñecer coa publicación do cómic homónimo *Uxío* (Astiberri, 2020). Neste novo álbum, que se pode ler de forma independente ao primeiro, non é a de Uxío a única voz que se escoita. Tamén escoitamos a Ana, a súa mellor amiga, quen se fixo un oco ao seu carón na portada, a Rosenda ou a Álex, uns amigos que conforman o seu universo actual, cada vez máis aberto.

O primeiro álbum era ideal para lectores a partir de seis anos ou con algunhas dificultades de lectura. *Uxío e amigos* é unha nova historia



perfecta para primeiros lectores en castelán, euskera, catalán ou galego, que inclúe mensaxes tan importantes coma o valor da socialización e a inclusión ou o coidado do medio ambiente. Nesta entrega, descúbrense novas historias sinxelas, coloridas, poéticas e moitas veces surrealistas. Algunhas son curtas coma un aforismo, outras longas coma unha tarde con amigos. E Romero non se esquece de crear novas páxinas lúdicas, ao engadir nesta ocasión dous xogos de mesa nas gardas.

No seu momento, Sergio Benítez calificara *Uxío* –premio Castelao de cómic infantil en 2019–, no blog especializado Fancueva, de "claro exemplo de como entender á perfección o imaxinativo mundo infantil (...) se hai algo que me gañou de *Uxío*, ademais da simpleza da súa formulación visual, é a insistencia de Romero ao longo de toda a lectura por enfiar, de xeito moi sutil e case imperceptible, pequenas lecciónns vitais desas que calquera pai con dous dedos de fronte quixera que o seu fillo ou filla tivera no seu acervo."

"*Uxío e amigos* é un cómic infantil encantador e cun debuxo excelente, con moito cariño e respecto cara a ilustración clásica. Un libro repleto de imaxinación e personaxes entrañables, que mestura o cómico co realismo máxico: galiñas xigantes, árbores brócoli ou barcos piratas voadores".

Alberto Vázquez, director de animación e autor de cómic

"Un álbum cheo de sorpresas que estimula a fantasía do lector".

Yexus, *El diario montañés*

"Unha auténtica preciosidade e tan divertido que os rapaces non se cansarán de lelo".

Jesús Jiménez, *RTVE.es*

"Tomando prestados elementos da febril imaxinación de Mafalda ou Calvin e Hobbes, Martín Romero aproba con nota a súa incursión no cómic infantil".

Josep Oliver, *Papel en blanco*

Esta obra tivo o apoio para a súa creación do Ministerio de Cultura e Deporte a través da convocatoria das axudas á creación literaria correspondentes ao ano 2022.

MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE
DIRECCIÓN GENERAL DEL LIBRO Y FOMENTO DE LA LECTURA

MARTÍN ROMERO (A Coruña, 1981) é ilustrador, autor de cómics e director de animación. Mestura ditas disciplinas para desenvolver os máis diversos proxectos. Como ilustrador realiza traballos que van dende o ámbito publicitario ata o editorial. Dentro deste último, ilustrou libros que foron publicados en España, Francia e Italia. Entre os seus cómics destacan *Las fabulosas crónicas del ratón taciturno* (Sins Entido e Apa Apa, 2011), *Episodios Lunares* (Vidas de Papel e Reino de Cordelia, 2015) e *La deuda* (La Cúpula, 2017), publicados en España e tamén traducidos ao francés. *La noche*, a súa primeira curtametraxe, está baseada na súa obra *Episodios Lunares*. En 2019, é galardoado por primeira vez co Premio Castelao de cómic na categoría infantil e xuvenil por *Uxío* (Astiberri, 2020), unha obra que ve a súa continuación en *Uxío e amigos* (Astiberri, 2023).

O CÓMIC MÁIS DIVERTIDO DO MUNDO


Ehem
Ulxío, por favor, le isto.
A MAN DO AUTOR
PARA QUE CHE PASEN COUSAS DIVERTIDAS, HAI QUE SAIR DA CAMA.
HE HE